



2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPONSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPONSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal das seguintes características define mellor a unha Ameaza Persistente Avanzada (APT) no ámbito da ciberseguridade?

- A) Son ataques que duran só uns minutos, buscando unha infiltración rápida e eficiente.
- B) Utilizan métodos de ataque por denegación de servizo (DoS) tratando de interromper a actividade da organización o maior tempo posible.
- C) Adoitan ser ataques prolongados e sioxilosos, co obxectivo de permanecer non detectados o maior tempo posible.
- D) Trátase exclusivamente de ataques mediante enxeñería social onde se reduce ao máximo a intervención desde un punto de vista técnico.

2. Cal é o ficheiro de Tomcat que contén a definición estrutural do servidor?

- A) web.xml.
- B) server.xml.
- C) httpd.conf.
- D) security.conf.

3. Que é unha 'clave foránea' nun modelo relacional?

- A) Un conxunto de un ou máis campos nunha táboa que é clave primaria noutra táboa.
- B) Un índice único para cada fila da táboa.
- C) Unha clave que non se utiliza nas operacións.
- D) Un campo que se utiliza exclusivamente para almacenar datos temporais.

4. No modelo OSI (Open Systems Interconnection), cal é a función principal da capa de ligazón de datos?

- A) Proporcionar servizos de encamiñamento e direccionamento de rede.
- B) Establecer, manter e finalizar conexións entre os dispositivos da rede.
- C) Xestionar o fluxo de datos e corrixir erros de transmisión na capa física.
- D) Facilitar a comunicación directa entre aplicacións en diferentes sistemas finais.

5. Dentro da infraestrutura de rede, cal é a función principal dun servidor DHCP?

- A) Proporcionar servizos de seguridade para a comunicación entre clientes e servidores na rede.
- B) Xestionar a resolución de nomes de dominio (DNS) para asignar direccións IP a nomes de host.
- C) Facilitar a asignación automática de direccións IP e configuración de rede a dispositivos nunha rede local.
- D) Controlar o acceso á rede mediante a autenticación de usuarios e dispositivos.

6. LAMP é o acrónimo usado para describir un sistema de infraestrutura da internet aplicable á pila:

- A) Linux, Apache, MySQL/MariaDB e PHP.
- B) Linux, Ant, MongoDB e Perl, PHP ou Python.
- C) Linux, Apache, Microsoft SQLServer e Perl, PHP ou Python.
- D) Linux, Ant, MySQL/MariaDB e PJava.

7. Á historia clínica electrónica dun paciente na contorna SERGAS poderán acceder:

- A) Calquera profesional do SERGAS que teña tarxeta sanitaria sen necesidade de certificado electrónico.
- B) Persoal facultativo exclusivamente.
- C) Persoal administrativo e de xestión de Centros asistenciais só aqueles datos relacionados coas súas funcións.
- D) Todas son certas.

8. Cal dos seguintes é unha linguaxe estandarizada para a consulta de grafos RDF na web semántica?

- A) SPARQL.
- B) OWL.
- C) UDDI.
- D) XML.

9. Segundo WCAG 2.1, con que principio está relacionada a pauta “Accesible por teclado”?

- A) Perceptible.
- B) Operable.
- C) Comprensible.
- D) Robusto.

10. En relación aos Sistemas de nome de dominio, DNS, para que serven principalmente os rexistros tipo “MX”?

- A) Fan referencia á dirección IPv4 dun servidor web.
- B) Fan referencia á dirección IPv6 dun servidor web.
- C) Asignan un alias a un nome de dominio.
- D) Fan referencia a unha lista de servidor de intercambio de correo que se debe utilizar para o dominio.

11. Segundo o Esquema Nacional de interoperabilidade (ENI), as Administracións Públicas publicarán as aplicacións reutilizables, en modo produto ou en modo servizo, nos directorios de aplicacións para a súa libre reutilización, con polo menos o seguinte contido. Cal NON é correcta?

- A) Código fonte das aplicacións finalizadas, no caso de ser reutilizables en modo produto e ter sido declaradas de fontes abertas.
- B) Documentación asociada.
- C) Condicións de licenciamiento de todos os activos, no caso de ser reutilizables en modo produto, ou nivel de servizo ofrecido, no caso de ser reutilizables en modo servizo.
- D) En ningún caso, haberá custos asociados á súa reutilización.

12. A lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, establece no Título X a garantía dos dereitos dixitais, cal NON é un deles?

- A) Dereito ao testamento dixital.
- B) Dereito á neutralidade da internet.
- C) Dereito ao esquecemento en buscas da internet.
- D) Dereito ao acceso a banda larga.

13. Cal das seguintes afirmacións sobre firma dixital é correcta?

- A) Garante a integridade e orixe dun documento dixital.
- B) É unha imaxe dixitalizada dunha sinatura manuscrita.
- C) É unha empresa sen localización física, na que todo o persoal traballa a distancia.
- D) Proporciona un mecanismo para ocultar a identidade do autor dun documento dixital.

14. Que é un monitor transaccional no contexto de sistemas de xestión de bases de datos?

- A) Un sistema que controla e coordina o procesamento das transaccións.
- B) Un dispositivo que supervisa o rendemento da rede.
- C) Unha ferramenta de visualización de transaccións en tempo real.
- D) Un sistema de supervisión do uso de CPU e memoria.

15. Primefaces é unha librería de compoñentes para o desenvolvemento de aplicacións. Para que tecnoloxía se usa?

- A) Angular.
- B) React.
- C) JSF.
- D) Vue.js.

16. Cal das seguintes NON é unha función típica dun Enterprise Service Bus (ESB)?

- A) Xestionar a seguridade da rede e protexer contra ataques cibernéticos toda a infraestrutura de TI.
- B) Facilitar a transformación e o encamiñamento de mensaxes entre diferentes aplicacións e servizos.
- C) Permitir a integración de aplicacións mediante o uso dun conxunto común de regras.
- D) Proporcionar adaptadores para conectar sistemas e aplicacións dispares, facilitando a interoperabilidade.

17. Cal dos seguintes servizos de rede, orientados aos conxuntos de datos espaciais, NON están contemplados na directiva INSPIRE?

- A) Servizos de localización.
- B) Servizos de visualización.
- C) Servizos de transformación.
- D) Servizos de carga.

18. Que é un 'trigger' no contexto das bases de datos SQL?

- A) Código procedemental que se executa automaticamente en resposta a determinados eventos na base de datos.
- B) Un procedemento almacenado que se executa de xeito manual.
- C) Un índice que mellora o rendemento das consultas.
- D) Unha ferramenta para a auditoría de cambios na base de datos.

19. Na internet, URL é o acrónimo inglés de:

- A) Universal Resource Locator.
- B) Universal Resource Locator.
- C) Uniform Request Locator.
- D) Uniform Resource Locator.

20. En relación ás redes de fibra óptica, cal destas afirmacións é correcta?

- A) A fibra óptica presenta máis inmunidade ás interferencias electromagnéticas que o cable convencional como RJ45.
- B) A fibra óptica é moi barata de implementar.
- C) A fibra óptica monomodo é máis adecuada para distancias curtas.
- D) A fibra multimodo ten unha largura de banda moita maior que a monomodo.

21. Cal é o fenómeno físico que fai posible que os pulsos luminosos se propaguen ao través das fibras ópticas a longas distancias e cunha baixa atenuación?

- A) Reflexión interna total.
- B) Efecto Doppler.
- C) Efecto Hall.
- D) Forza de Coriolis.

22. Cal dos seguintes é unha ferramenta utilizada para o cifrado de correos electrónicos?

- A) IMAP4.
- B) NFS.
- C) NMAP.
- D) PGP.

23. A qué se denomina SSO?

- A) Son as siglas de Simple Sign-On.
- B) Procedemento asociado ó cifrado en Secure Sockets Layers (SSL).
- C) É un procedemento de autenticación que habilita ó usuario para acceder a varios sistemas cunha soa instancia de identificación.
- D) Un estándar aberto que define un esquema XML.

24. Cal é o estándar de Xigabit Ethernet sobre fibra óptica?

- A) 802.3z.
- B) 802.3ac.
- C) 802.3x.
- D) 802.3aq.

25. No modelo CMMI (Capability Maturity Model Integration), cal é o nivel máximo de madurez?

- A) Xestionado.
- B) Definido.
- C) Optimizado.
- D) Xestionado cuantitativamente.

26. A tarxeta sanitaria AA é unha tarxeta especial que:

- A) Aplica unicamente ás patoloxías relacionadas co Alzheimer.
- B) É de aplicación para favorecer a accesibilidade e o acompañamento no Sergas.
- C) Trata de minimizar as esperas nos servizos de urxencias, pero non aplica ás consultas externas.
- D) Non existe dita tarxeta sanitaria.

27. Os dereitos de explotación da obra durarán toda a vida do autor e

- A) setenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.
- B) sesenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.
- C) setenta anos desde a divulgación da obra.
- D) sesenta anos desde a divulgación da obra.

28. Segundo MAGERIT v3, cal NON está entre os elementos básicos da análise de riscos?:

- A) Activos.
- B) Ameazas.
- C) Salvagardas.
- D) Limiares.

29. En ciberseguridade, que se entende por “honeypot”?

- A) É unha funcionalidade dos “firewalls” web para bloquear “ransomware”.
- B) É unha arquitectura de rede mallada especificamente deseñada para protexer determinados activos.
- C) É un tipo de ataque do tipo “man-in-the-middle”
- D) É un sistema que actúa de trampa ante ciberataques.

30. Que significa o enfoque 'Responsive Design' no contexto do desenvolvemento de aplicacións móbiles?

- A) Deseño de interface de usuario que se adapta a diferentes tamaños de pantalla.
- B) Deseño de interface de usuario específica para cada tipo de dispositivo.
- C) Uso exclusivo de tecnoloxías nativas.
- D) Utilízase en aplicacións que responden só a comandos de voz.

31. En relación ás redes sen fíos, a que familia IEEE pertence a chamada WIMAX?

- A) 802.11ac.
- B) 802.11n.
- C) 802.16.
- D) 802.15.

32. Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 de Protección de Datos (RGPD), quen debe levar un rexistro das actividades de tratamento efectuadas baixo a súa responsabilidade?

- A) O delegado de protección de datos.
- B) Cada responsable e, no seu caso, o seu representante.
- C) O interesado.
- D) O responsable de seguridade.

33. O Esquema Nacional de Seguridade establece que as liñas de defensa han de estar constituídas por medidas de distinta natureza. Cal das seguintes NON é unha delas?

- A) Organizativa.
- B) Física.
- C) Semántica.
- D) Lóxica.

34. En ITIL v4, como se denominan as metodoloxías de desenvolvemento de software que buscan proporcionar en pouco tempo pequenas pezas de software en funcionamento para aumentar a satisfacción do cliente?

- A) FlexOS.
- B) Cascada o waterfall.
- C) Commitments.
- D) Áxiles.

35. Cal das seguintes afirmacións sobre as restricións de clave única e clave primaria en bases de datos relacionais SQL é correcta?

- A) Unha clave única pode conter valores nulos, mentres que unha clave primaria non pode conter valores nulos.
- B) Unha clave única implica unha indexación automática, mentres que unha clave primaria non crea índices automaticamente.
- C) Unha táboa pode ter múltiples claves primarias, pero só unha clave única.
- D) Unha clave primaria só pode ser definida nunha columna, mentres que unha clave única pode ser definida en varias columnas.

36. De cada intento de acceso do sistema lanus gardaranse como mínimo:

- A) Identificación do profesional–Data e hora.
- B) Identificación do profesional–Data e hora–Parte da historia clínica accedida.
- C) Identificación do profesional–Data e hora–Parte da historia clínica accedida–Tipo Acceso.
- D) Identificación do profesional–Data e hora–Tipo Acceso.

37. A cantidade máxima de información que pode ser perdida cando o Servizo é restaurado tras unha interrupción é:

- A) RPO.
- B) RTO.
- C) RDO.
- D) RDT.

38. Nunha contorna sanitaria hospitalaria SERGAS, cal das seguintes definicións se axusta a un KANBAN?

- A) É un aparello de análise radiolóxica.
- B) É un sistema automático de xestión de stock para material en planta.
- C) É un protocolo estandarizado de envío de mensaxería entre aplicacións clínicas.
- D) É unha aplicación especializada en ciberseguridade en contornas Windows.

39. Cal das seguintes afirmacións describe correctamente o estándar DICOM (Dixital Imaging and Communications in Medicine)?

- A) DICOM é un estándar para a codificación de datos de audio en medicina.
- B) DICOM utilízase principalmente para a transmisión de datos de imaxes médicas e a interoperabilidade entre dispositivos médicos.
- C) DICOM é un estándar para a compresión de arquivos de texto no ámbito da radioloxía.
- D) DICOM non xoga un papel relevante na integración de sistemas de información en contornas médicas.

40. Como se chama a parte dun Datawarehouse que se centra nun conxunto de datos específico, e que garda información procesada e estruturada?

- A) ETL.
- B) DataMart.
- C) DataLake.
- D) ODBC.

41. Os procesos da estrutura principal de Métrica v3 son:

- A) Planificación – Desenvolvemento – Mantemento.
- B) Análise – Desenvolvemento – Implantación.
- C) Planificación – Construción – Mantemento.
- D) Deseño – Construción – Implantación.

42. A análise de valores límite (AVL), é unha proba de:

- A) Caixa Branca.
- B) Caixa Negra.
- C) Caixa Gris.
- D) Sobrecarga.

43. No contexto das infraestruturas de sistemas, cal das seguintes opcións describe obxectivos das tecnoloxías de virtualización en xeral?

- A) Aumentar o nivel de utilización de recursos nos sistemas informáticos, proporcionar illamento e seguridade, e aumentar a flexibilidade e axilidade na administración.
- B) Incrementar a seguridade física en centros de datos e minimizar o risco de dano físico aos equipos.
- C) Proporcionar experiencias de usuario inmersivas en contornos de simulación cun alto grao de precisión.
- D) Simplificar as interfaces de usuario e mellorar a experiencia de desenvolvemento grazas á abstracción de interaccións co sistema operativo e o hardware.

44. Cal dos seguintes é un obxectivo do software MultiPath nunha SAN (Storage Area Network)?

- A) Aumentar a tolerancia a fallos.
- B) Aumentar a capacidade de almacenamento.
- C) Reducir o investimento necesario en hardware de interconexión.
- D) Simplificar a configuración.

45. Como se denomina a propiedade pola cal unha mesma mensaxe pode orixinar condutas completamente diferentes ao ser recibida por diferentes obxectos?

- A) Encapsulación.
- B) Abstracción.
- C) Persistencia.
- D) Polimorfismo.

46. Cal é a afirmación CORRECTA cando se fala dun servidor web?

- A) As peticións ao servidor adoitan realizarse mediante HTTP utilizando o método de petición POST, no que o recurso se solicita a través da URL ao servidor web.
- B) Os servidores web reciben a través do seu propio navegador as peticións realizadas polo cliente.
- C) Os servidores web usan o protocolo HTTP e os servidores de aplicacións usan o protocolo HTTPS.
- D) As conexións dos servidores web cos clientes poden ser bidireccionais ou unidireccionais, síncronas ou asíncronas.

47. En relación aos programas de ordenador, indicar mediante que lei se protexen:

- A) Mediante a Lei 20/2006 pola que se modifica o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual.
- B) Mediante a Lei de Propiedade Intelectual.
- C) Mediante a Directiva de dereitos de autor 2001/29.
- D) Mediante a Lei de Patentes.

48. Cal é o propósito principal dun diagrama de secuencia no Proceso Unificado?

- A) Amosar as interaccións dun conxunto de obxectos ao longo do tempo para un caso de uso específico.
- B) Identificar e documentar os requirimentos do sistema.
- C) Representar graficamente a arquitectura xeral do sistema.
- D) Planificar as fases do proxecto e asignar tarefas aos membros do equipo de desenvolvemento.

49. No ámbito de alta dispoñibilidade a nivel de aplicación, cal das seguintes estratexias implica a creación de duplicados en tempo real da aplicación e a súa contorna, permitindo unha transición instantánea a unha contorna de respaldo en caso dunha interrupción non planificada?

- A) Clúster de aplicacións.
- B) Caché distribuída.
- C) Segmentación de rede.
- D) Virtualización de almacenamento.

50. En que consiste a técnica de climatización de CPD chamada freecooling?

- A) Orientar o aire procedente da unidade de refrixeración para que entre pola parte frontal dos racks a través do chan técnico.
- B) Uso de corredores de aire quente e frío.
- C) Xerar enerxía eléctrica a partir da calor producida polo CPD para empregala en refrixeración.
- D) Achega de aire frío exterior para refrixeración.

51. Segundo o Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, NON son obxecto de protección:

- A) As ideas e principios nos que se basean calquera dos elementos dun programa de ordenador.
- B) A documentación técnica e os manuais de uso dun programa.
- C) Os programas de ordenador, entendidos a efecto desta lei, como toda secuencia de instrucións ou indicacións destinadas a ser utilizadas, directa ou indirectamente, nun sistema informático para realizar unha función ou unha tarefa ou para obter un resultado determinado, calquera que fora a súa forma de expresión e fixación.
- D) Documentación preparatoria.

52. No contexto de ITIL v4, cal das seguintes actividades corresponde principalmente ao proceso de "Xestión de Incidentes" (Incident Management)?

- A) Definir e xestionar a estrutura da CMDB (Base de Datos de Xestión de Configuración).
- B) Planificar e coordinar a implementación de cambios na contorna de TI.
- C) Restaurar o servizo normal o máis rápido posible despois dun incidente.
- D) Avaliar e mellorar continuamente a calidade dos servizos de TI.

53. Que elemento de electrónica de rede só traballa a nivel de capa 1 OSI?

- A) Pasarela.
- B) Concentrador.
- C) Conmutador.
- D) Ponte.

54. No contexto de seguridade informática, que función principal desempeña comunmente a técnica de "sandboxing"?

- A) Comprobar regularmente que o antivirus está actualizado.
- B) Illa e executa de forma segura programas ou procesos non confiables.
- C) É un método de filtrado de SPAM no correo electrónico.
- D) Optimiza a conexión a Internet mediante a eliminación de restricións de rede.

55. Escolle a opción que recolla 3 protocolos incluídos no conxunto de protocolos TCP/IP.

- A) UDP, SNMP, NNHP.
- B) TCP, FTP, HTTP.
- C) UDP, RDP, HDP.
- D) XFS, DCHP, HTP.

56. Nun informe dun documento SIAC pertencente a un hospital SERGAS, cal das seguintes afirmacións é verdadeira?

- A) Un informe nunca pode recoller datos de máis dunha consulta diferente.
- B) Nunca se pode engadir ningún indicador.
- C) Só podemos usar un determinado obxecto Dimensión se foi devolto pola consulta asociada previamente.
- D) Todas son falsas.

57. No noso complexo hospitalario quere levarse a cabo unha técnica especial de optimización de datos no sistema de almacenamento para eliminar copias duplicadas ou repetidas de datos co obxectivo de optimizar ao máximo o espazo. Esta técnica denomínase:

- A) Clustering.
- B) Mirroring.
- C) Deduplicación.
- D) Striping.

58. Nunha base de datos relacional, obsérvase unha diminución do rendemento das consultas nunha táboa que pasou a varios millóns de filas. Cal sería a opción máis inmediata para mellorar o rendemento?

- A) Crear índices na táboa.
- B) Redeseñar a base de datos.
- C) Dividir a táboa en varias táboas máis pequenas.
- D) Ampliar a capacidade de almacenamento en disco.

59. Supoñamos que temos unha plataforma de virtualización formada por un clúster de 4 servidores VMware, onde hai despregados varios servidores Windows e Linux. Con que ferramenta poderemos xestionar os servidores virtuais?

- A) VirtualDub.
- B) vWSC.
- C) VS_pool.
- D) vSphere.

60. Unha empresa está a desenvolver unha base de datos para o seu novo sistema de xestión de proxectos. A táboa 'Proxecto' ten, entre outras como 'DataInicioProxecto', unha columna 'NomeProxecto' que se usa como clave primaria. Non obstante, detéctase que algúns proxectos poden ter idéntico nome, ou cambiar de nome co paso do tempo. Cal das seguintes modificacións resolvería este problema?

- A) Engadir unha columna 'IDProxecto' autoincremental e usala como clave primaria.
- B) Cambiar a clave primaria a 'DataInicioProxecto'.
- C) Combinar 'NomeProxecto' e 'DataInicioProxecto' nunha clave primaria composta.
- D) Manter 'NomeProxecto' como clave primaria e engadir unha restrición de clave única a 'DataInicioProxecto'.

61. Que software dos seguintes poderías usar para a xestión dunha granxa de servidores?

- A) Windows Task Scheduler.
- B) Slack.
- C) Oracle Grid Engine.
- D) Server Farm Merge.

62. En que carpeta do servidor web IIS se almacenan de forma predeterminada os arquivos de rexistro?

- A) %SystemDrive%\WebServer\logs\LogFiles.
- B) %SystemDrive%\directbrowser\logs.
- C) %SystemDrive%\inetpub\logs\LogFiles.
- D) %SystemDrive%\iis\configuration\logs.

63. Se queremos acceder á aplicación SETIS de xestión da tarxeta sanitaria, debemos ter obrigatoriamente...

- A) Un usuario calquera no Active Directory xa que todos poden acceder en modo lectura a SETIS.
- B) Un usuario propio de SETIS, sen que sexa necesario que exista no Active Directory.
- C) Tan só co DNI electrónico.
- D) Un usuario de Active Directory que estea rexistrado á súa vez en SETIS.

64. Un profesional da saúde traballando con imaxes médicas nunha contorna hospitalaria capturou unha radiografía e está a piques de enviála a outro departamento utilizando o estándar DICOM. Cal destas afirmacións é correcta?

- A) Na comunicación DICOM envíase só información técnica da imaxe.
- B) Na comunicación DICOM envíase só información asistencial do paciente.
- C) Na comunicación DICOM pódese enviar tanto información do paciente como técnica da imaxe.
- D) Na comunicación DICOM envíanse só informacións que permitan asegurar a correcta transmisión, sen detallar aspectos técnicos da imaxe nin datos do paciente.

65. Na aplicación de xestión clínica dun hospital SERGAS necesitamos buscar a un determinado paciente. Por que dato podemos facer a busca?

- A) CNP exclusivamente.
- B) NASI exclusivamente.
- C) NHC ou NASI indistintamente.
- D) NASI ou CNP indistintamente.

66. Cal NON sería unha técnica adecuada para mitigar os ataques de forza bruta contra os servizos web que ten dispoñibles?

- A) Autenticación de dous factores.
- B) Habilitar o recheo de credenciais.
- C) Obrigar ao uso de contrasinais longos e complexos.
- D) Usar contrasinais únicos para cada servizo.

67. Para poder utilizar os SIAC nunha contorna hospitalaria SERGAS, necesitamos...

- A) Dispoñer de usuario autorizado e só a través de aplicación cliente pesada de Business Intelligence.
- B) Dispoñer usuario autorizado e a través dunha ferramenta web ou cliente pesado BI.
- C) Non se necesita usuario autorizado, todos os usuarios teñen acceso de lectura aos SIAC.
- D) Só mediante certificado dixital e exclusivamente con acceso web.

68. Se como profesional dun hospital SERGAS necesitamos obter unha nova tarxeta sanitaria ou gravar un novo certificado nela, en cal destas localizacións poderán realizalo?

- A) PAE: Punto Acreditación Electrónica.
- B) PAT: Punto Acreditación Traballadores.
- C) PAC: Punto Acreditación Certificados.
- D) PIN: Punto Identificador Numérico.

69. No servizo de arquivo do noso complexo hospitalario, empezan a dixitalizar documentos. Que deben ter en conta segundo a NTI de dixitalización de documentos, respecto aos requisitos da imaxe electrónica?

- A) O nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por polgada, tanto para imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises.
- B) O nivel de resolución máximo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por polgada, tanto para imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises.
- C) O nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 300 píxeles por polgada, tanto para imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises.
- D) O nivel de resolución máximo para imaxes electrónicas será de 300 píxeles por polgada, tanto para imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises.

70. Indique cal das seguintes opcións é certa respecto ao seguinte nome distinguido (DN) dun obxecto do directorio activo: `cn=jose,ou=departamentoB,ou=departamentoA,dc=regionA,dc=empresa,dc=es`.

- A) O obxecto non é un usuario debido a que non aparece `cn=Users` no seu DN.
- B) O obxecto pertence ao departamento B, o cal é unha subdivisión organizativa dentro do departamento A.
- C) O obxecto pertence ao departamento A, o cal é unha subdivisión organizativa dentro do departamento B.
- D) O obxecto jose é o nome dunha unidade organizativa da empresa.

71. Se queremos poñer un comentario en powershell, que caracteres utilizaría para indicar o principio e o fin do comentario?

- A) `<# y #>`.
- B) `< y />`.
- C) `<* y *>`.
- D) `< y >`.

72. Nun sistema de xestión de proxectos hai unha táboa 'Proxecto' e unha táboa 'Empregado'. Se cada empregado pode participar en varios proxectos e cada proxecto pode ter varios empregados asignados, que estrutura debería usarse para manexar esta relación?

- A) Unha táboa intermedia 'ProxectoEmpregado' que asocie 'Proxecto' e 'Empregado'.
- B) Unha clave foránea en 'Proxecto' referenciando a 'Empregado'.
- C) Unha clave foránea en 'Empregado' referenciando a 'Proxecto'.
- D) Non é necesaria ningunha estrutura adicional.

73. Ao implementar varios RDBMS en diferentes localizacións xeográficas e considerar factores como a posibilidade de fallos de comunicación entre estas localizacións, cal sería a mellor decisión de deseño da configuración para dar prioridade á necesidade de integridade e coherencia das transaccións distribuídas nas aplicacións?

- A) Adoptar un protocolo de commit distribuído como 2PC (two-phase commit).
- B) Configurar un sistema de replicación asíncrona.
- C) Implementar un sistema de caché local en cada localización.
- D) Establecer un sistema de colas de mensaxes para manexar as transaccións de forma secuencial.

74. Os nosos desenvolvedores están a levar a cabo probas de Caixa Branca nunha nova aplicación para a dixitalización de ECG. Cal das seguintes é unha técnica de Caixa Branca?

- A) Partición equivalente.
- B) Proba de Estrutura de Control.
- C) Fuzzing Testing.
- D) Data Driven.

75. Quere usar un protocolo para que o proceso de configuración de TCP/IP en clientes sexa automático. Que protocolo dos seguintes debería usar?

- A) TCP.
- B) DHCP.
- C) DNS.
- D) WINS.

76. Luisa acode á farmacia para que lle dispensen unha receita do seu tratamento crónico que recibe desde hai 6 meses. A próxima data prevista de dispensación é o 07/10/2023, en que período sería dispensable para a súa recollida?

- A) [27/09/2023, 27/10/2023]
- B) [07/10/2023, 27/10/2023]
- C) [27/10/2023, 17/10/2023]
- D) [01/10/2023, 31/10/2023]

77. Vai montar unha rede ethernet usando cableado Cat.8 40GBase-T. Segundo o estándar da IEEE, cal é a lonxitude máxima das interconexións que pode facer usando este tipo de cable?

- A) 30 metros.
- B) 50 metros.
- C) 100 metros.
- D) 200 metros.

78. Cal das seguintes situacións representa o incidente de seguridade máis grave para unha infraestrutura de clave pública?

- A) A clave privada dunha autoridade de certificación quedou comprometida.
- B) Distribuíronse algúns certificados de persoa física mediante un protocolo de comunicación inseguro.
- C) O procedemento de revogación de certificados é ineficiente.
- D) Omitíronse algunhas das auditorías periódicas nas operacións dunha autoridade de certificación.

79. Na linguaxe de programación PHP, indique cal é a resposta correcta se queremos recuperar información dun formulario enviado co método GET:

- A) Request.form();
- B) request.QueryString();
- C) \$_GET();
- D) \$_GET[];

80. No contexto da xestión loxística dun almacén de produtos electrónicos propúxose implementar un sistema RFID para mellorar a eficiencia e a precisión no seguimento de inventario. Que paso dos seguintes é imprescindible para o seu correcto funcionamento?

- A) Colocar etiquetas pasivas ou TAGS en cada produto.
- B) Colocar unha etiqueta de código de barras en cada produto.
- C) Colocar un código QR en cada produto.
- D) Situar os produtos máis voluminosos nas zonas con mellor iluminación.

81. No noso centro vaise levar a cabo un novo proxecto. Para coñecer a duración do proxecto que se está desenvolvendo, decidiuse utilizar o Método Pert. Este método utiliza tres estimacións para definir un rango aproximado de duración dunha actividade. Cal das seguintes NON se utiliza?

- A) Máis probable.
- B) Optimista.
- C) Crítica.
- D) Pesimista.

82. Se executamos desde un Pc Windows 10 dun hospital SERGAS o comando: tracert -4 69.130.20.1. Que obteremos?

- A) Todos os equipos activos con conectividade co host 69.130.20.1.
- B) O roteiro de hosts polos que se comunica desde o Pc onde se executa ata o destino 69.130.20.1 ata un máximo de 4 saltos.
- C) O roteiro de hosts polos que se comunica desde o Pc onde se executa ata o destino 69.130.20.1, pero forzando o uso de IPv4.
- D) O roteiro de equipos polos que se comunica desde o Pc onde se executa ata o destino 69.130.20.1, facendo unha conexión cada 4 segundos.

83. É necesario engadir unha nova columna 'DataNacemento' a unha táboa 'Empregado' xa existente nunha base de datos SQL. Cal sería a instrución SQL correcta?

- A) ALTER TABLE Empregado ADD COLUMN DataNacemento DATE;
- B) UPDATE TABLE Empregado ADD DataNacemento DATE;
- C) INSERT INTO Empregado ("DataNacemento");
- D) MODIFY TABLE Empregado ADD DataNacemento DATE;

84. Se queremos realizar unha comprobación relativa a ICMP, de forma que nos indique se temos conectividade desde a xanela de comandos de Windows 10, cara a un PC de IP: 69.150.10.4, que comando teremos que usar para enviar exactamente 6 paquetes e saber se existe conectividade co devandito equipo?

- A) ping -ip 69.150.10.4 6.
- B) ping -6 69.150.10.4.
- C) ping 69.150.10.4.
- D) ping -n 6 69.150.10.4.

85. Queremos saber se o porto 443 está aberto no noso equipo linux. Que comando mostrará dita información?

- A) netstat -p 443 localhost.
- B) nmap -a 443 localhost.
- C) ipconfig -tcp 443 localhost.
- D) nslookup 443 localhost.

86. Nunha contorna hospitalaria cunha aplicación para aplicar xestión de incidencias implantada, un usuario descobre que a impresora non funciona. Cal sería a opción correcta a realizar que cumpriría con ITIL v4?

- A) O usuario afectado debe abrir un novo Problema na aplicación.
- B) O usuario afectado non debe reportar a incidencia xa que a xestión de impresoras non forma parte de ITIL.
- C) O usuario reporta unha nova incidencia e desde o soporte do primeiro nivel teñen a obriga de solucionar o seu problema no momento.
- D) O usuario reporta unha nova incidencia ao soporte de nivel 1, que poderá proporcionar unha solución provisional en caso de habela.

87. Dado o seguinte código: `import java.util.*; public class TestClass { public static void main(String[] args) throws Exception { ArrayList al = new ArrayList(); al.add("111"); al.add("222"); System.out.println(al.get(al.size()-1)); }` Que resultado daría a súa execución?

- A) Null.
- B) 222.
- C) Lanzaría unha excepción `IndexOutOfBoundsException`.
- D) 111 222.

88. Queremos que o noso Data Center teña 120 minutos como tempo máximo de indisponibilidade ao ano. Segundo a norma TIA-942, cal será o menor nivel de TIER que cumpra este requisito?

- A) TIER I.
- B) TIER II.
- C) TIER III.
- D) TIER IV.

89. Para unha RIA que require amosar un gran número de imaxes distintas en alta resolución procedentes do servidor, que técnica proporcionaría a mellor experiencia de usuario?

- A) Implementar unha estratexia de carga diferida para solicitar as imaxes só cando estean cerca de entrar no viewport.
- B) Cargar todas as imaxes ao inicio antes de amosarlle ao usuario a interface da aplicación.
- C) Reducir a resolución de todas as imaxes.
- D) Usar a técnica de sprites CSS, gardando todas as imaxes nun único recurso recuperable cunha soa solicitude.

90. Nun ámbito hospitalario preténdese integrar as mensaxes de diversos dispositivos médicos como monitores de constantes vitais ou probas diagnósticas. É necesario filtrar e procesar estas mensaxes, adaptándose a diferentes formatos e necesidades de integración. Cal das seguintes estratexias sería axeitada para acadar estes obxectivos mediante Mirth Connect?

- A) Utilizar JavaScript en transformadores para filtrar e procesar as mensaxes en función de criterios específicos.
- B) Limitar a integración a só uns cantos dispositivos específicos.
- C) Procesar todas as mensaxes nunha única canle.
- D) Desactivar o rexistro de eventos para todos os dispositivos.

91. Unha organización necesita integrar un sistema legado que usa SOAP e outro máis moderno que usa REST. Para implementar esta integración mediante un Enterprise Service Bus, cal das seguintes funcionalidades é necesaria?

- A) A implementación de patróns de transformación de mensaxes.
- B) A xestión centralizada de políticas de seguridade e accesos.
- C) A implementación de protocolos de mensaxería asíncrona.
- D) A implementación de patróns publish–subscribe.

92. Nun sistema operativo Unix queremos programar a execución do script /usr/bin/desactiva_usuarios para que se execute todos os días ás 12:00. Indique que liña deberíamos engadir ao ficheiro /etc/crontab:

- A) 0 0 * * * /usr/bin/desactiva_usuarios.
- B) 0 0 0 * * /usr/bin/desactiva_usuarios.
- C) 0 0 0 0 * /usr/bin/desactiva_usuarios.
- D) 0 0 0 0 0 /usr/bin/desactiva_usuarios.

93. Que liña de código de Javascript gardaría a data actual en formato día/mes/ano na variable result?

- A) const result = new Date().parseformat('dd/MM/yyyy');
- B) const result = new Date().format('dd/MM/yyyy');
- C) const result = new Date().toLocaleDateString('en-GB');
- D) const result = new Date().toLocaleDateString('en-US');

94. Se temos o seguinte segmento HL7: PV1|1|O|^^^1234^1|||||||||||||ADM10101100^DOE^JOHN^^^Dr.|SUR||||||||||||||||| Que significan os ^?

- A) Son separadores de campos.
- B) Representan espazos en branco.
- C) Son separadores de compoñentes.
- D) Representan campos baleiros.

95. Nunha aplicación web que ten un formulario no que se solicita ao usuario o NIF e se desexa controlar que a letra do NIF introducida polo usuario sexa a correcta, poderíase usar JavaScript para facer ese control?

- A) Si, é un control que se pode facer de forma local sen acceder ao servidor.
- B) Non, necesítase acceso á base de datos de NIFs do servidor.
- C) Non, necesítase unha miniaplicación de Java para realizar esa operación.
- D) Si, JavaScript permite facer o cálculo no servidor mediante unha petición HTTP, aínda que non permite facer o cálculo localmente.

96. As aplicacións a medida desenvoltas a pedimento do Servizo Galego de Saúde, son consideradas:

- A) Software libre.
- B) Software propietario.
- C) Software de dominio público.
- D) Software de fontes abertas.

97. Nun contorno de base de datos relacional SQL é necesario executar certa transacción co máximo nivel de illamento posible. Cal das seguintes instrucións SQL configura o nivel de illamento de transacción para cumprir con este requirimento?

- A) SET TRANSACTION ISOLATION LEVEL SERIALIZABLE;
- B) SET TRANSACTION ISOLATION LEVEL READ UNCOMMITTED;
- C) SET TRANSACTION ISOLATION LEVEL REPEATABLE READ;
- D) SET TRANSACTION ISOLATION LEVEL READ COMMITTED;

98. É necesario outorgar privilexios de lectura sobre a táboa 'Empregado' ao usuario 'luis' nunha base de datos SQL. Cal sería a instrución SQL correcta?

- A) GRANT SELECT ON Empregado TO luis;
- B) GRANT luis READ ON Empregado;
- C) ALLOW READ ON Empregado FOR luis;
- D) PERMIT SELECT ON Empregado TO luis;

99. Estamos a levar a cabo o desenvolvemento dun novo proxecto no noso servizo, para o que utilizamos UML. Cal dos seguintes é un diagrama de estrutura?

- A) Diagrama de casos de uso.
- B) Diagrama de secuencia.
- C) Diagrama de actividade.
- D) Diagrama de paquete.

100. Nunha aplicación web que usa jQuery, hai un elemento no DOM co id 'contedor'. Dentro deste elemento hai un parágrafo seguido dun botón, este último coa clase 'btn-activo'. Cal dos seguintes usos da API de jQuery aplicará un bordo vermello ao devandito parágrafo?

- A) \$('#contedor p').css('border', '1px solid #ff0000');
- B) \$('.btn-activo').css('border', '1px solid red');
- C) \$('p#contedor').css('border', '1px solid #ff0000');
- D) \$('#contedor').find('button').css('border', '1px solid red');

101. Na implementación dunha aplicación web na que se usa JavaScript, como se podería implementar a actualización de datos en tempo real?

- A) Utilizar WebSockets para unha conexión bidireccional continua.
- B) Facer solicitudes AJAX cada minuto.
- C) Evitar calquera actualización en tempo real.
- D) Recargar toda a páxina cada 5 segundos.

102. O modelo de datos dunha clínica pretende representar aos pacientes e as súas visitas á clínica. Cada paciente pode ter múltiples visitas, pero cada visita sempre está asociada a un único paciente. Como se representa este feito no modelo entidade-relación?

- A) Como unha relación de un a moitos entre as entidades 'paciente' e 'visita'.
- B) Como unha relación de un a un entre as entidades 'paciente' e 'visita'.
- C) Como unha relación de moitos a moitos entre as entidades 'paciente' e 'visita'.
- D) Como un atributo 'visita' da entidade 'paciente'.

103. Se queremos terminar un proceso en unix cuxo PID é 12345. Que comando dos seguintes debemos usar?

- A) ps 12345.
- B) kill -9 12345.
- C) su 12345.
- D) rm 12345.

104. Nun sistema de xestión de bases de datos relacional, estanse a producir demasiados conflitos de bloqueo. Que estratexia podería axudar a mitigar este problema?

- A) Axustar o nivel de illamento nas transaccións.
- B) Aumentar a frecuencia das copias de seguridade.
- C) Normalizar máis as táboas da base de datos.
- D) Cambiar a un modelo de base de datos non relacional.

105. Cal é a extensión das clases compiladas de JAVA?

- A) .java
- B) .class
- C) .jar
- D) .js

106. Para cumprir a Norma Técnica de Interoperabilidade de Expediente Electrónico na nosa organización, debemos ter en conta, que os compoñentes que forman un expediente electrónico son:

- A) Os documentos electrónicos, o índice electrónico e os metadatos do expediente electrónico.
- B) Os documentos electrónicos, as firmas dos documentos electrónicos e os metadatos do expediente electrónico.
- C) Os documentos electrónicos, o índice electrónico e as firmas dos documentos electrónicos.
- D) Os documentos electrónicos, o índice electrónico, a firma do índice electrónico e os metadatos do expediente electrónico.

107. No desenvolvemento dunha aplicación web que utiliza JavaScript é necesario implementar a funcionalidade de autocompletar nun campo de busca. Cal é a mellor forma de optimizar as solicitudes para este propósito?

- A) Debouncing de eventos de teclado no campo de busca para limitar a frecuencia das solicitudes.
- B) Facer unha petición asíncrona por cada pulsación de tecla no campo de busca.
- C) Enviar solicitudes asíncronas cada tres segundos mentres o campo de busca teña o foco.
- D) Usar solicitudes AJAX síncronas para garantir a precisión dos datos.

108. Luisa desenvolve un programa web durante o exercicio das súas funcións como Técnica de Xestión no Servizo Galego de Saúde. Ao ser a desenvolvedora do programa correspóndelle:

- A) A titularidade dos dereitos de explotación.
- B) Dita titularidade correspóndelle ao Sergas, salvo pacto en contrario.
- C) Correspóndelle a titularidade en proporción ao tempo investido.
- D) Correspóndelle a titularidade do programa fonte exclusivamente.

109. Cal dos seguintes exemplos de uso de ssh-keygen xerará un par de claves RSA que poidan usarse por exemplo para iniciar sesión a través de SSH en servidores remotos?

- A) `ssh-keygen -t rsa -b 2048 -f ~/.ssh/id_rsa`
- B) `ssh-keygen -t dsa -f ~/.ssh/id_dsa`
- C) `ssh-keygen -t rsa -C "alguen@example.com"`
- D) `ssh-keygen -p -f ~/.ssh/id_rsa`

110. Nunha contorna hospitalaria do SERGAS, se queremos xestionar incidencias dentro do marco de ITIL, utilizaremos unha das seguintes aplicacións. Cal é a correcta?

- A) Queres.
- B) Remedy.
- C) LOGAS.
- D) ACP.

